

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 22 DE MAIO DE 2013**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e dous deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Doposo García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

**ACTA.-** Apróbese a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 15 de maio de 2013.

**ÁREA DE URBANISMO**

**1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.-** Acórdase a concesión de licenza municipal de instalación dun almacén de recambios e de licenza de legalización de obras de reforma e unión de naves existentes con licenzas 200/88, 585/92, 48/95 e 1005/11, na rúa da Industria-rúa da Agricultura, parcela 46.

**2. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase exceptuar do cumprimento das condicións NHV-2010, normas de habitabilidade de vivendas de Galicia 2010, reguladas polo Decreto 29/2010, do 4 de marzo, para a actuación de instalación dun ascensor en edificio existente, sito na rúa das Norias, número 2.

Tamén se acorda a concesión das seguintes licenzas: para demolición da edificación sita na rúa bispo aguirre, número 8, e rúa Vilalba, número 5; para instalación de ascensor no edificio sito na rúa Tino Prados, número 16; para modificación de licenza número 1723/11, consistindo no cambio da posición da carpintería exterior a "haces interiores", no edificio sito na rúa Nova, número 122; para a instalación de ascensor no edificio sito na rúa Río Navia, número 31 e para a construción de vivenda unifamiliar, dentro do ámbito do solo clasificado no Plan Xeral de Ordenación Urbana, como núcleo rural tradicional de Casas Vellas.

**3. XESTIÓN.-** Acórdase a declaración de ruína urbanística e reiteración de execución das medidas de seguridade ordenadas no expediente contradictorio de ruína do inmovible situado no número 35 da rúa San Lourenzo.

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia	FECHA	29/05/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	1/3



Acórdase a declaración de ruína urbanística do inmoble situado nunha parcela na parte posterior da ronda das Fontiñas, números 97-99, con referencia catastral 27900a522000260000WY.

Tamén se acorda a declaración de ruína técnica e urbanística no expediente contradictorio de ruína do inmoble número 11-13 da rúa Paradai de Abaixo.

Así mesmo, acórdase aprobar o proxecto de obras ordinarias para "Rampa de acceso a edificio y local de pública concurrencia en Poeta Cabanillas, 14, baixo".

**ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE**

**4. PERSOAL.-** Acórdase a rectificación do acordo número 18/248 adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día dezasete de abril de dous mil trece.

Tamén se acorda a autorización para a realización de servizos extraordinarios para levar a cabo por persoal adscrito ao Servizo de Urbanismo e a aprobación da forma de compensación.

Do mesmo xeito, acordase a autorización para a realización de servizos extraordinarios para levar a cabo por persoal de Enxeñería e a aprobación da forma de compensación.

Así mesmo, acordase a autorización servizos extraordinarios para realizar pola directora da Biblioteca municipal, por mor da celebración do día Internacional dos Museos e a aprobación da forma de compensación.

Acórdase o nomeamento de Coordinadora Xeral das Áreas de Alcaldía, Recursos Humanos e Protección da Comunidade e da de Servizos Xerais e Participación Cidadá.


**ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN**

**5. FACENDA LOCAL.-** Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao renunciar á licenza de obras outorgada para construír un edificio na rúa Illa Madeira, 147.

Acórdase aprobar a solicitude formulada na que se insta a desistencia á solicitude de licenza de obras para construír unha vivenda unifamiliar no núcleo rural de Corral de Abaixo-Corral de Arriba-San Vicente-os Campos, pola que

Código Seguro de verificación:LN06h/KocjkJ178Nosh17A==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia	FECHA	29/05/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	LN06h/KocjkJ178Nosh17A==	PÁGINA 2/3



LN06h/KocjkJ178Nosh17A==

ingresou a autoliquidación número 5511881, en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos, por importe de 779,44 €.

Tamén se acorda a regularización da situación tributaria en concepto de taxas pola prestación de servizos urbanísticos, por denegación da licenza para parcelamento da parcela 69, Polígono 501, situado dentro do solo clasificado como núcleo rural número 13.3 do PXOU denominado Poutomillos, parroquia do Burgo.

**Asinado polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Medio Ambiente e Axenda 21 e Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, Lino José González-Doposo García.**

Código Seguro de verificación:LN06h/KocjkJ178Nosh17A==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>  
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Lino Jose Gonzalez-Doposo Garcia	FECHA	29/05/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	3/3



LN06h/KocjkJ178Nosh17A==